

**INSTANCIA DE SOLICITUDE PARA POSTO DE
"OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS"**

D. _____ DNI. _____
domicilio en _____
municipio de _____ C.P. _____ e Tfno. _____

EXPÓN :

1. Que está enterado/a da convocatoria de contratación laboral temporal do posto de "operario de servizos varios" que foi publicada no Boletín Oficial da Provincia da Coruña do 07/08/2017.
2. Que coñece con detalle as bases da convocatoria aprobadas por acordo da Xunta de Goberno do 14/07/2017.

Que está interesado/a na provisión de tal praza laboral fixo, con xornada completa.

SOLICITA :

a súa admisión ao proceso selectivo por reunir todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª da convocatoria, para o que achega a seguinte documentación:

- Xustificante de pago dos dereitos de exame, 20 euros.
- Fotocopia compulsada do DNI.
- Fotocopia compulsada do certificado de escolaridade ou nivel equivalente.
- Fotocopia compulsada do certificado de aptitude profesional para a conducción de vehículos de transporte por estrada.
- Fotocopia compulsada do permiso de conducción C1 ou equivalente.
- Curriculum vitae persoal do aspirante.
- Fotocopia compulsada doutros méritos valorables:

Irixoa, _____

O/A SOLICITANTE

Sr. alcalde

CONCELLO DE IRIXOA

ADMINISTRACIÓN LOCAL

MUNICIPAL

IRIXOA

Convocatoria provisión operario de servizos varios

CONVOCATORIA CONTRATACIÓN PERSOAL LABORAL FIXO

O Concello de Irixoa, mediante acordo da Xunta de Goberno do 14-7-2017, acordou aprobar a convocatoria de contratación de persoal laboral fixo conforme ás seguintes bases:

BASES PARA SELECCIÓN DE OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS (CONTRATO LABORAL FIXO)

1ª Obxecto: É a provisión fixa de 1 posto de “operario de servizos varios”, mediante o sistema de concurso-oposición (consolidación de emprego temporal, conforme á disposición transitoria 4ª do Real Decreto Legislativo 5/2015, do 30 de outubro), coas seguintes características:

- Xornada: completa, con horario axustado ás necesidades do servizo, de luns a sábado.
- Tarefas: condución do microbús municipal para realización dun servizo social, traballo con maquinaria municipal (tractor, desbrozadora, etc), así como atencións aos servizos múltiples municipais (mantemento, reparacións básicas, control de funcionamento dos servizos de abastecemento e saneamento, lecturas contadores, control cloración, notificacións municipais, etc.); abarcará os campos da fontanería, electricidade, albanelería e pintura, xardinería, etc.
- Retribucións: 1.170 euros/mes brutos, ademais de 2 pagas extras de salario base ao ano.

2ª Requisitos: Os aspirantes deberán reunir os seguintes requisitos:

- a) Ser español, ou cidadán dun estado membro da Unión Europea; tamén poderán participar os nacionais dos estados cos que a Unión Europea ou España teñan en vigor tratados internacionais de libre circulación de traballadores.
- b) Ter cumpridos 18 anos e ser menor de 65 anos.
- c) Non padecer defecto ou enfermidade física que impida o correcto exercicio das funcións. Non obstante, os discapacitados físicos ou psíquicos compatibles co posto terán as correspondentes adaptacións para a realización dos traballos.
- d) Non ter sido separado da función pública por procedemento administrativo ou xudicial.
- e) dispoñer do permiso de condución do tipo C1 ou equivalente.
- f) dispoñer do certificado de aptitude profesional para a condución de vehículos de transporte por estrada.
- g) Estar en posesión do certificado de escolaridade, ou nivel equivalente.
- h) Non estar incurso en causas de incompatibilidade de conformidade co establecido na Lei 53/1984, normativa electoral e de función pública.
- i) Ter aboados os dereitos de exame que se establecen en 20 euros; os desempregados que cumpran certos requisitos poderán solicitar bonificacións conforme á normativa municipal.

3ª Instancias: Os interesados presentarán instancia para tomar parte na convocatoria, debendo manifestar que reúnen todas e cada unha das condicións esixidas na base 2ª. As instancias deberan presentarse no prazo de 20 días naturais, contado desde o día seguinte á publicación do anuncio de convocatoria no B.O.P. Axuntarase fotocopia do D.N.I., da titulación, da regularidade da residencia (estranxeiros) e da documentación que xustifique os méritos alegados (as fotocopias serán compulsadas), así como o xustificante do ingreso dos dereitos de exame; tamén se acompañará curriculum vitae persoal do aspirante.

A solicitude presentarse no rexistro xeral do concello en días laborais de 9:00h a 14:00h. Tamén se poderán na forma que determina o artigo 38.4 da Lei 39/2015, do procedemento administrativo común das administracións públicas; neste caso, os concursantes deberán comunicalo mediante telegrama ou telefax durante o mesmo prazo que o de presentación de instancias. Coa presentación da instancia do proceso selectivo entenderase que a persoa interesada acepta o conxunto das bases desta convocatoria.

O modelo de instancia será facilitado nas oficinas municipais, por correo electrónico ou farase público na páxina web do concello.

4ª Admisión de aspirantes: Expirado o prazo de presentación de instancias o alcalde ditará resolución no prazo máximo de 15 días hábiles aprobando a lista de admitidos e excluídos; dita lista será publicada no BOP, indicando os respectivos nomes apelidos; indicaranse, no seu caso, as causas de exclusión e concederáse un prazo de 10 días hábiles para subsanación de defectos. Se hai excluídos a lista terá un carácter provisional, aprobándose a definitiva tras o prazo de subsanación; pola contra, se non hai excluídos a lista inicial terá xa o carácter de definitiva.

No anuncio de publicación da lista definitiva, así como na resolución aprobatoria, determinarase o lugar e data do comenzo dos exercicios e a composición definitiva do tribunal cualificador.

5ª Tribunal: O tribunal cualificador estará composto polas seguintes persoas, todas con voz e voto, a designar pola Alcaldía:

- Presidente e suplente.
- Secretario e suplente.
- 3 vogais e suplente.

Os membros do tribunal estarán sometidos ás causas de abstención e recusación previstas na normativa administrativa. A resolución de ditas causas será competencia da Alcaldía, designando igualmente, en caso necesario, ao substituto.

O tribunal non poderá constituírse nin actuar sen a asistencia mínima de 3 membros, entre eles o presidente e secretario. As decisións adoptaranse por votación por maioría simple, resolvendo os empates o voto de calidade da presidencia. O Tribunal poderá incorporar asesores técnicos especialistas para valorar correctamente algunhas probas, con voz pero sen voto. O tribunal formalizará un acta por cada sesión (tipo de proba e concurso), así como un acta xeral do proceso selectivo e de proposta de contratación.

Aos efectos de asistencia s e dietas o tribunal entenderase encadrado na categoría 3ª do Anexo IV do Real Decreto 462/2002, de 24 maio.

6ª Probas: Previa convocatoria en chamamento único, os aspirantes someteranse ás seguintes probas:

1º- escrita: terá carácter obrigatoria e eliminatoria e consistirá nos seguintes exercicios:

a) un test de 40 preguntas, con opción de 3 respostas alternativas das cales soamente unha será correcta, baseadas en contidos relacionados co posto, segundo o temario adxunto no anexo. O valor de cada pregunta correcta será de 0,15 puntos e as respostas negativas serán penalizadas cun desconto de 0,05 puntos. O exercicio será realizado nun tempo máximo de 30 minutos. A puntuación máxima será de 6 puntos e será preciso acadar un mínimo de 3 puntos para superar o exercicio.

b) unha serie de 10 preguntas de resposta curta, sobre os contidos do temario do proceso, que terá unha puntuación máxima de 4 puntos, sendo preciso acadar un mínimo de 2 puntos para superar a proba. O exercicio será realizado nun tempo máximo de 15 minutos.

Os exercicios escritos realizaranse nun único chamamento e fase, se ben haberá un descanso mínimo de 15 minutos entre a realización de cada parte. Para superar a fase de probas escritas será necesario obter unha puntuación mínima global de 5 puntos e aprobar ambos exercicios.

2º- unha proba voluntaria de coñecemento de galego, que consistirá nunha tradución directa e/ou inversa dun texto en castelán ou galego facilitado polo tribunal, nun tempo máximo de 20 minutos; os/as aspirantes que estean na posesión do Celga 2 ou equivalente estarán exentos da realización desta proba e obterán directamente a puntuación máxima. A valoración máxima da proba será de 0,50 puntos.

3º- unha proba práctica obrigatoria e eliminatoria sobre as funcións máis habituais do posto ou sobre cuestións conexas incluídas no temario. O tribunal, en función da idoneidade apreciada de cada aspirante, outorgará unha puntuación comprendida entre 0 e 10 puntos; será preciso obter un mínimo de 5 puntos para considerar superada a proba.

No desenvolvemento das probas o tribunal fará as adaptacións precisas, en tempo e forma de realización, para as persoas que presenten algún tipo de discapacidade compatible coas funcións do posto, conforme ao establecido no art. 59.2 do Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro.

7ª Méritos: Na fase do concurso, que terá unha valoración global máxima de 12 puntos, consideraranse como méritos valorables, sendo soamente aceptados os posteriores ao 1-1-2000 (agás permisos de conducción), os seguintes:

a) posesión de formación e habilitacións oficiais específicas en temas relacionados co posto e permisos oficiais de instalador, 2 puntos por cada rama autorizada, cun máximo de 4:

- fontanería,
- electricidade e
- gas.

b) experiencia laboral en traballos similares de condución en transportes de persoas ou mercancías: ata 2 puntos, con 0,03 pto. máximo por mes completo.

c) experiencia laboral en posto multifunción similar en concellos da provincia da Coruña de poboación inferior a 10.000 habitantes: ata un máximo de 3 puntos, con 0,06 puntos por mes completo.

d) experiencia laboral en posto multifunción similar no Concello de Irixoa: ata un máximo de 4 puntos, con 0,1 puntos por mes completo.

A acreditación da experiencia nos apartados b, c e d será de xeito ordinario mediante contrato de traballo e informe de vida laboral ou certificado de empresa; de calquera xeito de acreditación deberá quedar constancia da categoría e funcións realizadas no posto que se alegue. Calquera outro tipo de experiencia laboral non será tida en conta para valoración.

e) contar con outros permisos de condución de vehículos de categoría superior aos esixidos (non motos): 0,4 puntos por cada un, ata un máximo de 1,60 puntos.

f) Formación: os méritos de formación consistirán en cursos expedidos ou homologados por organismos oficiais e relacionados directamente co posto de traballo; valoráranse cun máximo de 4 puntos de acordo co seguinte baremo:

- Duración de 15 a 50 horas: 0,25 puntos cada un.
- Duración entre 51 e 100 horas: 0,40 puntos cada un.
- Duración superior a 100 horas: 0,80 puntos cada un.

O resto de cursos de formación non serán valorables; na documentación específica presentada acreditarase expresamente a duración e o contido dos cursos.

A valoración de méritos tan só se realizará e publicará para os aspirantes que superaran previamente todas as probas do proceso.

As alegacións dos aspirantes ao tribunal, en relación ao contido dos exames, corrección e valoración dos mesmos, valoración de méritos ou calquera outro aspecto do proceso, serán realizadas por escrito polos interesados, coa inmediatez suficiente para que sexan analizadas e resoltas sempre antes da disolución do mesmo. Posteriormente xa adoptaran a forma de recurso administrativo ante a Alcaldía.

8ª Calendario de realización das probas: O lugar, data e hora da realización das probas selectivas fixarase na resolución da Alcaldía aprobatoria da lista definitiva de admitidos e excluídos, non podendo comenar antes do 20-9-2017. Tras a convocatoria inicial para as probas, mediante anuncio no BOP, o resto dos anuncios e convocatorias realizaranse por escrito publicado no taboleiro de anuncios municipal.

A orde de actuación, naqueles exercicios que non poidan realizarse conxuntamente, iniciárase alfabeticamente por aqueles que teñan como inicial do primeiro apelido a letra «K», conforme ao sorteo feito pola Consellería de Facenda no ano 2017, e publicado no Diario Oficial de Galicia do 30-1-2017.

Os aspirantes serán convocados en chamamento único e virán provistos de DNI, ou documento identificativo oficial, en vigor; a non presentación, agás supostos especialmente xustificados, fará que decaian os dereitos a participar nos exercicios.

9ª Temario das probas: O temario que se aplicará nas probas será o establecido no anexo destas bases.

10ª Proposta de contratación: O aspirante que, superando as probas correspondentes, obteña maior puntuación, sumadas as fases de méritos e probas, será proposto polo tribunal para a contratación laboral municipal. Tamén se propoñerá 1 suplente, dentro da lista dos que superaron as probas, ao que obteña maior puntuación dentro dos non aprobados no proceso e teñan aceptado previamente esta posibilidade na instancia. Esta proposta de contratación poderá ser obxecto do recurso pertinente, que resolverá a Alcaldía. Antes da resolución da selección o aspirante proposto deberá completar a documentación requirida.

11ª Selección e contratación: O concello, representado polo sr. alcalde, e a persoa seleccionada asinarán o oportuno contrato laboral fixo, fixándose un período de proba de 15 días, previa presentación da documentación acreditativa e resolución de selección. A resolución de contratación será publicada no BOP para coñecemento xeral e posibles recursos.

12ª Réxime xurídico e incidencias: a aprobación das presentes bases, así como os demais actos administrativos que se sucedan, poderán ser recorridos na forma prevista na Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas; contra o acordo de aprobación das bases poderase interpoñerse polos interesados o recurso potestativo de reposición no prazo dun mes ante a Xunta de Goberno, ou ben, directamente, o recurso contencioso-administrativo ante o Xulgado do Contencioso-Administrativo da Coruña que corresponda, no prazo de dous meses; tales prazos contarán desde o día seguinte da súa publicación no BOP (artigo 46 da Lei 29/1998, de 13 de xullo, Reguladora da Xurisdición Contencioso-Administrativa).

No non previsto nas presentes bases será de aplicación a seguinte normativa: Lei 7/1985 de 2 de abril, Real Decreto Legislativo 781/1986 de 18 de abril, Real Decreto Legislativo 5/2015, de 30 de outubro (Estatuto Básico do Empregado Público) e Lei galega 2/2015, de 29 de abril, do emprego público de Galicia, así como demais normativa pertinente.

O Tribunal queda facultado durante a súa actuación para realizar calquera aclaración ou determinación específica das presentes bases.

ANEXO: TEMARIO POSTO DE OPERARIO DE SERVIZOS VARIOS.

PARTE XERAL:

1. A Constitución Española de 1978. Principios xerais e valores que a inspiran. Principais institucións políticas. Dereitos e deberes fundamentais. Organización autonómica.
2. O réxime local español. O municipio. Organización básica municipal. Competencias principais dos municipios: especialmente servizos sociais.
3. Dereitos e deberes dos funcionarios e do persoal laboral da Administración Local.
4. Procedemento administrativo local. Notificacións.

PARTE ESPECIAL:

1. Regulamento Xeral de Circulación de Vehículos: normas de comportamento.
2. Regulamento Xeral de Circulación: sinais de tráfico.
3. Regulamento Xeral de Circulación: documentación, sancións e procedemento.
4. Vehículos: mecánica e mantemento básico.
5. Servizo municipal de abastecemento de auga: actuacións habituais.
6. Servizo municipal de saneamento: mantemento básico.
7. Pequenas reparacións eléctricas
8. Desbroces municipais con tractor: operativa e precaucións.
9. Nocións de xardinería.
10. Ferramentas, máquinas e útiles de traballo. Usos, mantemento e riscos na súa utilización
11. Normas básicas de seguridade laboral nas funcións a desenvolver.
11. Termo municipal de Irixoa: parroquias, lugares e vías de comunicación.
12. O centro de saúde de Irixoa: servizos e funcionamento básico. Servizos públicos, de titularidade pública e privada, no termo de Irixoa.

Con esta publicación iníciase o procedemento de convocatoria pública.

Irixoa, 1 de agosto de 2017

O alcalde

Antonio Deibe Sanmartín